

2. DESFILE DO ENTROIDO

• COMUNICACIÓN SOBRE RESTRICIÓN NO TRÁFICO

Comunícase que, debido ao desfile do Entroido previsto para a tarde do martes día 25 de febreiro, por diferentes rúas do centro urbano do Grove estableceranse as seguintes restricións ao tráfico rodado.

ESTACIONAMENTOS:

- Desde as 9:00 horas pecharase ao tráfico a zona do Corgo e a vía do monumento do mariscador para acoutar e organizar a saída do desfile.
- A partir das 12:00 horas prohibirase o estacionamento de vehículos nas seguintes rúas:
 1. **Rúa Luis Casais**, desde o hotel Maruxía ata o cruzamento do Faro
 2. **Rúa da Plaza** ata O Corgo
 3. **Rúa Pablo Iglesias**

CORTE DE TRÁFICO

- Desde as 17:00 horas, desviarase ou pecharanse ao tráfico para o desfile as seguintes rúas:
 1. **Beiramar.**- Cortada ao tráfico desde a estación de autobuses. O tráfico desviarase pola vía portuaria de detrás da estación.
 2. **Rúa Luis Casais** - Cortada ao tráfico. O tráfico interno de Luis Seoane desviarase cara a Confín.
 3. **Rúa das Barqueiras** - Desvía o tráfico cara a Confín.
 4. **Rúa O Pombal** - Desvíase o tráfico cara ao Monte da Vila.
 5. **Rúa Batalla de Lepanto** - Desvíase o tráfico cara ao Monte da Vila.
 6. **Rúa Castelao** - Cortada ao tráfico desde o cruzamento do Faro.
 7. **Rúa Luis A. Mestre.** Cortada ao tráfico desde a avda. de Portugal cara ao cruzamento principal.
 8. **Rúa da Plaza.** Cortada ao tráfico.
 9. **Rúa Pablo Iglesias.** Cortada ao tráfico.
 10. **O Corgo.** Cortada ao tráfico a vía diante da Casa do Concello e a vía do monumento do mariscador. Non se poderá circular desde a glorieta das Garzas ata a glorieta da República Arxentina.

Os cortes de tráfico terán a mínima duración, de tal modo que **a apertura farase a medida que transcorra o desfile e a limpeza viaria.**